



Os presidentes e as presidentas das Asembleas Rexionais con poder lexislativo na Unión Europea (CALRE):

Consiglio della Provincia autonoma di Trento (Italia)

Asamblea de Extremadura (España)

Asamblea Regional de Murcia (España)

Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores (Portugal)

Assemblea regionale siciliana (Italia)

Brandenburg (Deutschland)

Burgenländischer Landtag (Österreich)

Consiglio della Provincia autonoma di Bolzano (Italia)

Consiglio regionale del Veneto (Italia)

Consiglio regionale dell'Abruzzo (Italia)

Consiglio regionale dell'Emilia Romagna (Italia)

Consiglio regionale dell'Umbria (Italia)

Consiglio regionale della Campania (Italia)

Consiglio regionale della Liguria (Italia)

Consiglio regionale della Lombardia (Italia)

Consiglio regionale della Sardegna (Italia)

Consiglio regionale della Toscana (Italia)

Cortes de Aragón (España)

Corts Valencianes (España)

Landtag von Baden-Württemberg (Deutschland)

Mecklenburg-Vorpommern (Deutschland)

National Assembly for Wales (United Kingdom)

Niederösterreichischen Landtag (Österreich)

Parlament de Catalunya (España)

Parlament der Deutschsprachigen Gemeinschaft Belgiens (Belgie/Belgique)

Parlamento de Andalucía (España)

Parlamento de Canarias (España)

Parlamento de Cantabria (España)

Parlamento de Galicia (España)

Parlamento de Navarra (España)

Parlement Wallon (Belgie/Belgique)

Rheinland-Pfalz (Deutschland)

Sachsen (Deutschland)

Vorarlberg (Österreich)

que tomaron parte na XIV Conferencia da CALRE do 3 ao 5 de outubro de 2010 en Trento, Italia, adoptaron, de mutuo acordo (coa única abstención da Asamblea de Madrid, España), o seguinte:

DECLARACIÓN DE TRENTO

Como converterse en axentes subsidiarios

1. Premisas

Os presidentes e as presidentas, representando aquí as súas asembleas lexislativas rexionais europeas, actuando no seu mellor interese, congratúlanse pola promulgación do tratado de Lisboa para o fortalecemento da Unión Europea e a institucionalización da gobernanza multinivel.

A entrada en vigor do Tratado de Lisboa representa unha evidencia factual da forza de vontade da Unión Europea na construción dun futuro mellor para a poboación europea, e supón un obxectivo moi esperado para a CALRE. A Declaración de Innsbruck de 2009 referiuse explicitamente á necesidade da súa aplicación

A CALRE acolle con especial agrado que o protocolo sobre subsidiariedade do Tratado de Lisboa -por primeira vez nun tratado europeo- mencione as asembleas rexionais con poder lexislativo. Neste contexto, os presidentes e as presidentas esperan que os parlamentos nacionais, como se estipula no artigo 6 do protocolo sobre subsidiariedade, compartan a súa participación no sistema de alerta temperá conxuntamente coas asembleas rexionais con poder lexislativo.

2. La CALRE e o seu papel na Europa anterior a Lisboa

O movemento rexionalista en Europa remóntase a finais dos 80. Desde 1986 o modelo de asembleas lexislativas rexionais aumentou de maneira significativa en Europa, debido á súa eficiencia e á transparencia que pode ofrecer. A CALRE reúne asembleas lexislativas tan arraigadas como os Landtags de Austria e Alemaña con realidades máis novas, como as comunidades belgas que percibiron como un modelo institucional descentralizado pode ter un efecto positivo no goberno dun territorio.

En 1998, na Declaración de Salzburgo, a CALRE afirmaba: *“Las regiones tendrán derecho a defender directamente sus poderes legislativos dentro del principio de subsidiariedad”*.

A actitude mostrada era perfectamente coherente coa chamada “mobilización

subnacional” teorizada por Liesbet Hooghe e máis tarde amplamente aplicada debido á estrutura e organización da UE. Dalgunha maneira, as rexións decidiron cooperar para involucrarse de maneira activa nas políticas europeas, intentando converterse en axentes influentes. A mobilización tivo lugar a través de canles máis o menos amplas, pero sempre tivo como obxectivo reforzar a relación coa Comisión.

Posiblemente, desde 1998, as cousas non se desenvolveron tan rapidamente como podían facerse: o Comité de Rexións non acadou aínda un papel vinculante e moitas asociacións rexionais viron o seu poder debilitado debido a que se produciu unha sobrecarga na ruta, que debe ser corrixida. Non obstante, a CALRE segue apoiando o traballo do Comité de Rexións, que representa un importante papel no desenvolvemento dunha toma de conciencia política sobre a necesidade dunha gobernanza local dentro do marco da UE.

As razóns para unha sobrecarga na ruta poden encontrarse tanto no enfoque excesivamente individualista adoptado por algunhas rexións, coma na coincidencia nas actividades de moitas asociacións rexionais: é de esperar que o aumento de mensaxes sen coordinación estea debilitando a capacidade de exercer presión. O “enfoque individual” pode ser efectivo para intereses moi específicos, pero é máis débil ca o enfoque coordinado en temas máis amplos, tanto máis se se ten en conta o funcionamento dos órganos consultivos da Unión Europea. O Comité de Rexións comezou a corrixir este fenómeno a través da institución da reunión de asociacións, que supón para os delegados rexionais un momento moi importante de comparación e enriquecemento mutuo co obxectivo de reducir a fragmentación das mensaxes.

As rexións con poderes legislativos demostraron a súa capacidade de reaccionar e adaptarse ás necesidades dun marco institucional en evolución como é la Unión Europea, e probaron sobradamente a súa eficacia no que respecta ao proceso normativo a través da aplicación directa de máis do 70 por cento das directivas europeas¹. E, aínda que non pode probarse estatisticamente a relación directa entre a presión exercida e a súa influencia, o impacto foi máis que suficiente para persuadir as rexións da necesidade

¹ Actualmente, as rexións con poderes legislativos aplican máis do 70 por cento da lexislación da UE sen pasar polas estruturas nacionais dos seus estados. No ano 2010 a EPSI (Plataforma de información do sector público europeo) suxire que no proceso de transposición os estados membros conseguiron reducir o número de directivas non correctamente traspostas. Desgraciadamente, estes datos no revelan que parte do atraso na aplicación da lexislación se debe ás asembleas legislativas rexionais.

dunha activación europea común.

Tras a promulgación do Tratado de Lisboa, argumentamos que as rexións con poderes legislativos non só defenderán as súas competencias, senón que serán consideradas como un modelo institucional para toda Europa, debido á súa adaptabilidade ás necesidades locais e á súa forte conexión coa historia europea.

3. *Cal é o papel para a CALRE no marco en constante evolución da UE*

A CALRE foi una parte interesada no proceso ascendente europeo, que expresou o interese xeral das rexións con poderes legislativos en Bruxelas durante a última década. A CALRE é consciente do papel dos seus membros na aplicación da lexislación europea e promoverá calquera iniciativa para desenvolver en maior medida a eficiencia na transposición. Durante esta década moitas outras asociacións rexionais comezaron ou continuaron as súas actividades en Bruxelas, e, con frecuencia, representan o mesmo interese xeneralista da CALRE. Polo tanto, a CALRE reducirá o seu foco de atención ao marco institucional e legislativo: a mellora da nosa eficiencia é a mellor credencial para ser un punto de referencia no proceso ascendente europeo, e para seguir reforzando o papel das Asembleas Legislativas Rexionais na Unión Europea. E precisamente a existencia de asembleas legislativas rexionais fai fraquear unha das críticas máis enérxicas que aínda se lle fai á UE: o déficit democrático.

A CALRE coordinará a súa recollida de información para corrixir as posibles ineficiencias dos diferentes contornos de traballo das asembleas legislativas e para promover o modelo de asemblea legislativa rexional como o verdadeiro referente da Unión Europea para a promulgación das súas políticas. Un referente que terá como obxectivo a construción dun sistema coherente de gobernanza multinivel na que o nivel territorial teña lexitimidade democrática e funcionamento parlamentario.

A CALRE reforzará tamén a promoción de programas transfronteirizos e transnacionais, que, con frecuencia, contribuíron a superar as inercias institucionais e mobilizaron recursos económicos por medio da estimulación de intercambios económicos, sociais e culturais. Posto que, aínda que a intensidade e efectividade da cooperación territorial varía en gran medida e alcanza o seu maior impacto en rexións nas que a integración e a cooperación están xa ben desenvolvidas (por ex. Mar Báltico, zona do Benelux) dentro

dun marco político ou estratéxico preexistente, a cooperación transfronteiriza segue sendo un gran instrumento para promover e establecer novas relacións entre as poboacións e os territorios europeos.

4. A CALRE na Europa de 2020

A CALRE desexa agradecerlle ao presidente da Comisión Europea, José Manuel Barroso, pola resposta dada ás nosas preocupacións sobre os documentos acerca da Estratexia 2020, postos a disposición de la asociación.

A política de cohesión ten un papel que representar no logro dos obxectivos da Europa 2020, especialmente na definición de cal é a mellor maneira de conseguir un equilibrio entre as dimensións económica, social e medioambiental. Existe un apoio xeneralizado á continuación dunha política de cohesión para toda a UE como a dos programas rexionais. A CALRE cre que un enfoque integrado e territorial baseado na gobernanza multinivel é a única solución efectiva para obter un verdadeiro éxito político. Apoiarase o informe Barca, que suxire intervencións específicas no programa co fin de facelo máis eficiente, e ademais a CALRE considerará a necesidade de estimular proxectos innovadores e en ocasións arriscados, para o que ofrecerá os coñecementos específicos das rexións.

O feito de que o actual deseño da Estratexia Europa 2020 siga un enfoque temático e sectorial non pode considerarse satisfactorio, posto que impide que as autoridades locais e rexionais participen tanto na preparación e aplicación dos programas de reforma nacional coma nas iniciativas emblemáticas. A CALRE apoia firmemente algúns principios fundamentais das políticas de cohesión como a programación a longo prazo, a adicionalidade e os principios de avaliación. Isto quere dicir que a política de cohesión debe beneficiar a todas as rexións, tamén no futuro, incluíndo aquelas rexións que xa realizan unha importante contribución á innovación e á produtividade. Isto mellorará a competitividade de Europa no seu conxunto.

A CALRE apoia firmemente as macrorrexións como contornos xeográficos máis amplos, que se converten en espazos funcionais que non recoñecen fronteiras administrativas e que se agrupan para resolver problemas comúns de maneira conxunta.

A CALRE considera que a falta do suficiente recoñecemento do papel clave dos axentes locais e rexionais á hora de presentar e comunicar la Estratexia de Lisboa sobre o terreo é algo que debe corrixirse. Os parlamentos rexionais e as asembleas legislativas de toda

Europa participan activamente na promulgación das estratexias da UE, especialmente mediante a súa supervisión e aplicación ao nivel de Estado submembro. Non só debe recoñecerse o noso papel, senón que merece unha implicación maior no proceso ascendente.

A CALRE está disposta a controlar todo esforzo en favor da rexionalización nos estados membros da Unión Europea en Europa central e do Leste, e, cando proceda, invitar as rexións a desenvolver competencias legislativas para tomar parte activa na CALRE.

5. A CALRE na aplicación da cohesión territorial como un (novo) obxectivo

A cohesión territorial ten que ver coa maior parte das políticas da UE. Por iso a CALRE considera que a súa aplicación debería mobilizar ferramentas legislativas (avaliación do impacto territorial de reformas sectoriais importantes), así como orzamentarias (principio de solidariedade combinado coa lóxica da eficiencia).

A cohesión territorial require unha mellor coordinación das políticas da UE, e o apoio de estratexias integradas a unha escala pertinente, seguindo o que o relator Fabrizio Barca escribiu nas súas conclusións.

Na mellora das devanditas políticas, a Comisión outorgoulle gran liberdade aos estados, para aprobar a aplicación de lexislación da súa competencia e, polo tanto, o sistema converteuse nunha xungla burocrática para os órganos locais de goberno.

Unha lexislación hiper complexa e abrumadora trae consigo un factor de inhibición no seu uso: por exemplo, en ferramentas como a AECT (Agrupación europea de cooperación territorial), que non están funcionando adecuadamente por ese motivo. A CALRE rexeita o suposto da Comisión de que se trata dunha consecuencia inevitable da falta de competencias da UE nalgúns materias. A CALRE fai fincapé en que o sentido máis amplo da subsidiariedade, que se establece claramente no art. 3b, punto 3², debe converterse na norma. Isto evitaría que os estados membros multiplicasen as cargas para a cooperación rexional, nacional e transfronteriza. E pode facerse, xa que é necesario para a correcta aplicación dun obxectivo da UE. Deben eliminarse todas aquelas cargas

² Tratado de Lisboa, art.3. punto 3: *“En virtude do principio de subsidiariedade, nos ámbitos que non sexan da súa competencia exclusiva, a Unión intervirá soamente en caso de que, e na medida en que, os obxectivos da acción pretendida non poidan ser alcanzados de maneira suficiente polos estados membros, nin a nivel central, nin a nivel rexional e local, senón que poidan alcanzarse mellor, debido á dimensión ou aos efectos da acción pretendida, a escala da Unión.”*

que aínda impiden o correcto funcionamento da cooperación territorial; tamén as cargas impostas pola rexión, xa que, como suxire Barca, “... *la política de cohesión, por definición, debería estar dirigida a lugares³ específicos y poblaciones específicas que representan sólo a un subconjunto de las “rexións” y de las poblaciones...*”

A CALRE cre tamén que debería establecerse un sistema de incentivos para a cooperación transfronteiriza das rexións, en categorías de PIB clasificadas de diferente maneira. Este sistema debería ter en conta factores tales como o envellecemento da poboación, o declive demográfico ou a dispersión dos asentamentos de poboación.

6. A CALRE no futuro orzamento da UE

A CALRE recoñece que no contexto de crise económica, os recursos económicos locais e rexionais poderían verse sometidos a maiores restricións, e considera que a Comisión debería avaliar detidamente a situación económica xeral ao realizar as súas propostas para o futuro orzamento da UE e para novos recursos. Para este fin, debe mencionarse no próximo orzamento da Comunidade a axuda transicional para aquelas rexións que por primeira vez deixan de ser “rexións converxencia” para converterse en “rexións competitividade”.

A CALRE fixo fincapé en que o orzamento da UE non debería reducirse, senón que debería comezar a utilizar todos os recursos existentes de maneira máis efectiva, dentro dun marco legislativo coherente.

A CALRE está de acordo coa opinión do Comité de Rexións de que o enfoque integrado e territorial demostrou a súa efectividade, e de que a estrutura do orzamento debería reflectir dos ditos enfoques, sempre que sexa posible. Polo tanto, a CALRE aspira a un programa orzamentario que proporcione unha forte coordinación entre fondos, mesmo cando haxa distintos programas en xogo. Co fin de aumentar a súa eficiencia, o próximo orzamento debería ser sometido a unha revisión exhaustiva no que respecta ás provisións para o seu cumprimento, xa que se os fondos están deseñados de maneira que se dificulta a súa utilización, no se alcanzarán adecuadamente os obxectivos globais.

A CALRE considera que o resultado da dita revisión da planificación do orzamento sería crucial para un óptimo desenvolvemento dos chamados “novos campos”: cambio

³ Esta premisa permite definir “lugares” interesados polas políticas de cohesión como algo que poida ser maior que as rexións e non se atope necesariamente situado dentro das fronteiras dun estado membro concreto.

climático, eficiencia enerxética e sociedade do coñecemento que moitas rexións intentan explorar. Non obstante, calquera compromiso da UE debe considerarse con vistas a lograr un valor europeo engadido.

7. CONCLUSIÓNS

A CALRE insiste en que as rexións con poderes legislativos teñen lexitimidade para participar activamente no proceso de toma de decisións en Europa. Os parlamentos nacionais deben, polo tanto, incluír de maneira efectiva os parlamentos rexionais con poderes legislativos no mecanismo de alerta temperá sobre a subsidiariedade do Tratado de Lisboa.

Apélase á Comisión Europea a examinar en detalle as declaracións publicadas dentro do sistema de alerta temperá e a intensificar o diálogo con parlamentos nacionais e rexionais.

A CALRE é consciente de que queda un longo camiño para desenvolver o mellor marco de gobernanza para a Unión Europea y de que o papel de efectividade das asembleas legislativas rexionais pode mellorarse. A CALRE continuará o seu labor de análise das mellores prácticas para a transposición da lexislación da UE, de maneira coherente coa asignación de competencias outorgada aos seus membros pola súa lexislación nacional, especialmente a través de análises de valoración de impacto.

A CALRE está disposta a colaborar na promoción do modelo institucional de asembleas legislativas, incluso en proxectos de desenvolvemento institucional, e séntese orgullosa do acordo acadado co Consello de Europa nesta materia.

A CALRE comprométese a continuar o seu labor na promoción e mellora do papel do goberno rexional, especialmente mediante a promoción, protección e desenvolvemento do modelo institucional de asembleas, que é a súa pedra angular.